

## R.R. do 22 de setembro de 2023 pola que se publica a oferta de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24 no Campus de Ourense

Por Resolución reitoral do 5 de setembro de 2023 publicouse a listaxe definitiva de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24, do Campus de Ourense.

En virtude do disposto no último parágrafo da base sete da R.R. do 21 de xuño de 2023, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24, esta Reitoría

### RESOLVE:

**Primeiro.-** Publicar a oferta de obradoiros para o primeiro cuadrimestre do curso 2023/24 no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor  
P.D. (R.R. do 22/6/2022; D.O.G. do 6 de xullo)  
O vicerreitor do Campus de Ourense



## Oferta de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24 no Campus de Ourense

CÓDIGO	TÍTULO	LUGAR	HORAS	PAZAS	CRÉDITOS	DATA INICIO	HORARIOS
2023750	Aula de teatro. Nivel 1: Rosaura	Aula de teatro	35	20	1	26 outubro	Xoves, de 19 a 22 h
2023751	Aula de teatro. Nivel 2: Cordelia	Aula de teatro	40	15	1	24 outubro	Martes, de 19 a 22 h
2023752	Aula de teatro. Nivel 3: Maricastaña	Aula de teatro	60	10	2	25 outubro	Luns e mércores, de 19 a 22 h
2023753	Obradoiro de música tradicional galega: gaita e percusión	Pavillón das Asociacións	30	10	1	19 outubro	Xoves, de 18,30 a 21,30 h
2023754	Aula de danza contemporánea	Ludoteca	30	12	1	17 outubro	Martes e mércores, de 19.30 a 21 h
2023755	Novas linguaxes e ferramentas Maker para educación	Aula 3,07 do Ed. Facultades	22	10	0,7	08 novembro	Mércores, de 16 a 20 h
2023756	Educación a través da danza e a expresión corporal	Aula de música do Ed. Facultades	30	10	1	10 outubro	Martes, de 16 a 19 h
2023757	Entender a música dende o canto	Aula de música do Ed. Facultades	30	10	1	09 outubro	Luns, de 16.30 a 18.30 h
2023758	Educación na natureza	Aula da natureza de Oira e laboratorio 12 do Pavillón 1	30	10	1	04 novembro	Sábados, de 9 a 18.30, mércores, de 14.30 a 17.30 e en liña de 16.30 a 20 h
2023759	Mindfulness e benestar	Seminario de inglés do Pavillón 1	30	12	1	10 outubro	Martes, de 18.30 a 21 h e o sábado 24/11, de 10.30 a 17.30 h



CÓDIGO	TÍTULO	LUGAR	HORAS	PAZAS	CRÉDITOS	DATA INICIO	HORARIOS
2023/760	Grupo de crecemento persoal e empoderamento para mulleres	Salón de Graos do Ed. Facultades	30	10	1	11 outubro	Mércores, de 18.30 a 21 h (15/10 de 16 a 20.30 h)
2023/761	Ferramentas de dinamización e participación comunitaria: saúde e benestar. Redución das desigualdades	Aula do Ed. Facultades	30	12	1	16 outubro	Luns, martes e mércores, de 16 a 20 horas
2023/762	Fotografía, novas ferramentas para contar a través das imaxes	Seminario S.4 do Pavillón 1	31,5	15	1	19 outubro	Xoves, de 16 a 19.30 h

## Período de matrícula: dende o 25 de setembro ao 5 de outubro de 2023

Taxas de matrícula:

· 40 euros: para o público en xeral.

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre consideración de persoa vencellada á Universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria, terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertencen:

- 26 euros: membros da comunidade universitaria da Uvigo (grupo A) e colectivos do grupo B (redución do 35% sobre o prezo da matrícula)
- 32 euros: Colectivo do Grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula)

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.

